

Follas do Cineclube | 14/12/2022

O TEATRO NACIONAL POPULAR
(Le Théâtre National Populaire, Georges Franju,
Francia, 1956, 28', VOSG)

01

A FONDO: MARÍA CASARES
(A Fondo: María Casares, Joaquín Soler Serrano,
Estado Español, 1981, 60', VO)
Presentada Por Melanía Cruz.

Transcrición da entrevista publicada no 1991 no libro *Mulleres de Ursula Heinze* na Editorial Xerais.

Fun sempre refuxiada española ata o momento que xa non había refuxiados. Nese momento pensei facerme francesa, un pouco por dár-lle-las gracias ós franceses. Considéroo normal, porque toda a miña vida de teatro lla debo a Francia. Pero cando chegou o momento da verdade, juft!, érame difícil dicir: fágome francesa. A alternativa consistía en ser francesa pola unión, unha unión que eu desexaba de corazón. Entón pedínlle a este amigo, a este irmán, André Schlessler, que casase comigo. Decidimolo e casamos. Verdadeiramente, quería ben, moi ben. Por desgracia, morreu hai algúns anos.

Non teño máis familia. Vivo soa, si. Nunca vivín con alguén que non formase parte da miña familia. Vivín con xente da casa, con Ángeles Jiménez, unha navarra divina, que me acompañou desde os anos en que case empecei a traballar no teatro. Cando morreu miña nai, veu para se ocupar da miña casa e quedou ata a xubilación, ata cobra-lo retiro. Ten unha casa en Navarra e marchou para alá. Vivín con ela coma un familiar. Sempre tiveron familias que non o eran no estricto senso da palabra. Tratábase de familias que eu inventaba, naturalmente. Nunca vivín, por exemplo, cun home, nunca. A casa de campo é enorme e, aínda que viviamos o meu home e máis eu xuntos naquela casa por épocas, cada un tiña o seu espazo. Cando voltábamo a París él ía vivir ó seu piso e eu ó meu. Desa maneira entrábanos sempre ganas de nos ver.

Non sinto a necesidade de vivir con alguén, ó revés, teño unha necesidade imperiosa de estar soa para me encontrar. No teatro descárgoo todo e hai que recarga-las "baterías" de novo. É imprescindible encontrarse soa, senón, non é posible. É máis: non vou nunca a sitio ningún, non saio, vivo coma unha salvaxe, non asisto a ningunha recepción, evito actos dese tipo; é raro, moi raro que vaia. A verdade é que tampouco me queda tempo, todo o tempo está collido ou polos ensaios ou polas representacións. cando hai unha representación pola noite, estou todo o día en suspense e vivo en suspense pola noite.

Non sei se cambiaría a miña vida de artista por outra. Non sei se o faría, podería cambiala, si, claro, pero non sei se a cambiaría. Por exemplo, podería cambiala pola de escribir. Se tivese medios, os medios necesarios, poderíame ocupar dun lugar, dunha casa, de levala ben, en fin, podería facer moitas cousas. Un amigo sempre me dicía:

-Ti fas coma as vacas nos prados, comes con toda a paixón da vida.

Coido que souben vivi-la vida; non teño o sentimento de ter perdido algo, porque o vivín todo con moita forza, con moita

entrega. Iso tamén significa outra cousa para o teatro: vivilo todo, sexan as cousas felices, sexas as cousas desgraciadas. Hai que vivilas a fondo e non fuxir delas. Se un foxe delas, foxe tamén do teatro.

Os ensaios constitúen o período que máis me gusta. É unha época de busca; busco pola mañá, pola noite, no Metro... Estou todo o día buscando, buscando a obra, buscando o autor, para encontralo todo. Unha vez rematada a representación, corto. Durante o día non podo cortar, porque teño medo.

En época de traballo érgome tarde. Cando volvo do teatro pola noite é o momento no que podo respirar aliviada, sobre todo se a representación pasou ben. É respirar coma despois dun baño no océano. Entón podo estar ben, leo, escribo; raramente vexo a alguén despois do teatro; en fin, déitome moi tarde, así que pola mañá tamén me ergo tarde. Tan pronto como estou de pé, empeza outra vez a pantasma da noite que me espera: non o personaxe no teatro, senón o medo. O medo, a maneira de procurar ver como é esta obra e non estoutra. Son unha persoa moi responsable, moi organizada co meu traballo.

Á parte do teatro, xa o dixeron, disfruto escribindo. Hai tempo que descubrín ese gusto en min. Lamentablemente, non me queda tempo para me dedicar a iso.

Despois da miña volta de España decidín tomar tempo para escribir *Residente Privilexiada*. Antes de marchar, propuxéronme facer este libro de memorias e dixeron que non, porque non teño memorias no estricto sentido da palabra, non teño máis cás "miñas" memorias. Así que me neguei. Sen embargo, despois de volver da miña xira por España, de repente, sentín a necesidade de dicir cousas, unha necesidade vital de contar cousas. Pensei en Galicia e pregunteime: ¿saberei describi-la paisaxe?

Queríanme facer firmar un contrato e dixeron que non. ¿Como ía firmar un contrato sen saber se podía escribir ou non ese libro? Primeiro vou intentalo, dixeríalles, e logo imos ver. Púxenme a redactar todo o comezo do libro e nese comezo hai unha descrición de Galicia. Veume á cabeza coma se fose unha cousa absolutamente natural, algo que sae de dentro sen o máis mínimo esforzo, coma tódalas cousas das que falo, porque non se trata dun libro de memorias, é un libro de aventuras comigo mesma. Esa foi a razón de o querer facer. Tamén me propuxeron a posibilidade de escribirlo outra persoa. Non, non, de ningunha maneira, rexeitei a idea totalmente.

Nunca puiden mirar para atrás, nunca tiveron tempo. De repente, a través de certas crises na miña vida quixen ver ó que eu era fiel. Non me refiro a esa fidelidade que escolle un, senón á fidelidade que escolle a un: o destino. De seguida me decatei de que o destino non se pode coñecer, non se pode coñecer ata que un morre e quizais, ó mellor, tampouco se coñece nese momento.

As fortes crises que vivín foron causadas polo exilio e pola morte de persoas queridas, meus pais, e pola dun home que para min contou enormemente, si, enormemente, en todo: Albert Camus. A súa morte brusca afectoume profundamente.

NUNCA SOÑEI CON SER ACTRIZ, NUNCA TIVEN TEMPO PARA SOÑAR

Entrevista con María Casares por Ursula Heinze

(...)

Teño poucas relacións con Galicia. Pasaron moitos anos e pouco a pouco pérdense os contactos. Unha sobriña miña, filla de miña irmá, viaxou ultimamente a Galicia e pasou alá algún tempo. Polo demais a penas conservo contactos con persoas en Galicia ou España. Por certo, tampouco aquí en París, só me relaciono coas persoas coas que traballo. Quédame realmente pouco tempo fóra do traballo para me relacionar con outra xente.

*Teño unha grande curiosidade por sabe-lo que pensa María da muller galega. Ela non tantariña nin un instante en con-
testar.*

Coido, e sentino sempre así, que a muller galega posúe unha liberdade innata. Un exemplo. Tiven unha avoa, dona Roxelia, nai de miña nai, que era cigarreira. Esa muller tivo tres fillos e estaba solteira. Educounos e era respetada por toda A Coruña. Iso non se vería en Ávila naquela época, a verdade. Digo Ávila e podería dicir calquera outra cidade española. A xente sabíao, miña avoa non ocultou nada, e iso non lle impediu levar adiante os seus fillos. Non creo que noutra cidade houbese ese comportamento natural naqueles anos, no século dezanove.

Penso que non hai nada máis distinto que españois e franceses. Son totalmente distintos, *joh là là!*, *joh là là!* Os uns non comprenden ós outros e os outros non comprenden os uns. Non hai nada que facer, é dicir, son coma dúas liñas paralelas e no medio están os Pirineos. Comprendemos quizais máis facilmente a un ruso ca a un francés, porque o ruso está na mesma liña, pero enfronte, do outro lado. En cambio, a maneira de pensar, a maneira de facer e de ser dun francés non ten nada que ver cun español, e menos cun galego. Agora, iso non quita que haxa moitos franceses que adoran ós españois e viceversa. Pero con todo, en fin, hai algo que non vai. Eu ás veces paso o tempo coa xente poñendo as cousas no seu punto correcto, sexa os dun lado ou os do outro. Pola miña parte podo afirmar que non sinto fronteiras e verdadeiramente non sei o que o son, non sei o que é sentirse francesa. Estou aquí, vivo e traballo aquí rodeada de xente de tódalas partes do mundo.

No fondo sigo sendo galega, claro, síntoo con toda a miña forza, pero non son máis unha cousa cá outra. Se vivise nun lugar ou nunha cidade de provincia francesa, sentiríame quizais máis francesa.

Non hai que esquecer que nos repartos das obras que fago ás veces non figura nin un só francés: aparecen italianos, españois, argentinos... Veñen de tódalas partes do mundo, pero viven, falan e traballan en Francia e ningún é francés. Cando líamo-los nomes dos actores dalgunhas obras botabamos a rir: todos eran nomes estranxeiros.

(...)

Érguese e diríxese á parte lateral da biblioteca. Acerca unha escaleira para subir ata o teito e colle o seu libro. La Résidente Privilegiée. Ponme unha dedicatoria antes de mo dar. E comentámo-la palabra "privilexiada".

Penso que si, que podo afirmar que son unha persoa privilexiada, porque non creo que a vida me deba dar mil cousas, non me debe nada.

Non sei se a xente que ten éxito é xente marxinaada ou se a xente que está marxinaada está máis preto de ter éxito. Non se sabe. En todo caso, eu fun toda a miña vida marxinaada, polo exilio e todo o que iso trae consigo. Continúas coas persoas, pero ó lado. O feito de ir a Francia, de vivir en Francia, de me afacer completamente a Francia a través dunha cousa tan íntima como é o teatro, coa lingua e co espírito francés, sendo doutra parte, significa unha marxinaación absoluta. Foi difícil e laborioso vivir ese novo mundo, si que o foi. O idioma para un actor é fundamental, naturalmente.

Cando traballei na obra de Alberti, falando español, de seguida trataron de me saca-lo acento galego. En balde. Ese acento quedame para toda a vida, non mo quita ninguén, non hai que facer. *Hay que hablar el castellano*, diciánme en Madrid. Defendínme como puiden: para facer esa obra, e nese papel, podía pasa-lo meu acento. Era aceptable, porque se trataba dun papel un pouco duro, escrito dunha maneira algo dura. De todos modos, son como son, téñenme que aceptar como son e co acento que teño, téñense que afacer.

Aquí en Francia vese xente que ten acento, xente de fóra, xente estranxeira, e todos traballan. O acento non ten importancia se se entende ben o texto. O que para min foi marabilloso foi facer discos para as escolas. Editaron unha colección de obras de teatro para alumnos e eu recitei algúns papeis. Cheguei a iso, si, non impide que sempre quede un encanto. Sobre todo cando estou cansada de traballar nótase un certo acento, un canto, e non importa en absoluto. A xente non o sabe, coida que é un acento do Midi, do sur de Francia. O canto galego parécese un pouquiño ó do sur de Francia.

Despois está a intimidade, o espírito da obra que se vai facer. Ten que existir unha intimidade enorme co autor. Cando se trata dun autor francés, é necesario coñece-lo espírito francés e sentilo profundamente, enchelo, estar un cheo diso. Sen dúbida, o meu primeiro éxito foi a miña primeira obra, *Deirdre das dores*, de Synge. Foi tamén un pouco o éxito de algo novo, de alguén que viña doutra parte: fose o encanto ou fose outra cousa, espertou a curiosidade esa persoa que chegaba doutra parte. De aí veu todo: un pouco de lenda de cando en vez..., da outra parte dos Pirineos..., dezanove anos... Ben, despois recollín tamén os froitos do meu traballo, un traballo forte e constante, e quizais é posible que teña un pouco de talento, ¿non sí?

CINECLUBE DE COMPOSTELA

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) cineclubedecompostela.wordpress.com [facebook.com/cineclubedecompostela](https://www.facebook.com/cineclubedecompostela) @cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€



14 DE DECEMBRO

O TEATRO NACIONAL POPULAR
(Le Théâtre National Populaire, Georges
Franju, Francia, 1956, 28', VOSG)

A FONDO: MARÍA CASARES
(A Fondo: María Casares, Joaquín Soler
Serrano, Estado Español, 1981, 60', VO)
Presentada Por Melanía Cruz.

21 DE DECEMBRO

VIOLACIÓN
(Voldtekt, Anja Breien,
Noruega-Reino Unido, 1971, 96', VOSG)